



Concello de Mazaricos

Asunto: Contratación dos integrantes da cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais.

DECRETO DE ALCALDÍA.

Por memoria de Alcaldía, de data 18 de xuño de 2015, ponse de manifesto a necesidade de proceder a contratación, en réxime laboral temporal, de un oficial de 2ª e de dous peóns para a cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais do Concello de Mazaricos.

Mediante Decreto, de data 18 de xuño de 2015, esta Alcaldía convoca procedemento público para a selección do persoal a que se fixo referencia no párrafo anterior, e aproba as bases que rexerán o proceso correspondente.

Resultando que de conformidade co Art 5º das Bases que rexen o presente proceso selectivo solicitouse ao servizo público de emprego que remitise unha lista de persoas que cumprisen os requisitos para acceder ás prazas convocadas.

Resultando que os designados polo Servizo Público de emprego que desexasen tomar parte na selección debían presentar unha instancia seguindo o modelo que figuraba como Anexo I ás bases no prazo dos 5 días hábiles seguintes a aquel en que debían personarse nas dependencias municipais.

Visto o disposto na Base 7ª, titulada admisión de aspirantes:

“Expirado o prazo de presentación de instancias o Alcalde-Presidente dictará resolución pola que se declarará aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos; con indicación se é o caso, dos motivos de exclusión. A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello, concedéndose un prazo de dous días hábiles para proceder ás subsanacións dos posibles defectos ou omisións na documentación.. De non existir aspirantes excluídos, o Alcalde-Presidente poderá elevar a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

Se existisen aspirantes excluídos e una vez rematado o prazo de subsanacións a Alcaldía aprobará a lista definitiva de admitidos e excluídos que será publicada igualmente no taboleiro de anuncios da Casa do Concello. Nesta última resolución figurará a composición do tribunal, o lugar e data da celebración da proba práctica e da valoración dos méritos alegados e debidamente acreditados.

A publicación dos sucesivos anuncios efeactuarase no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello. (Base 7ª). ”

Visto que o servizo público de emprego convocou aos aspirantes no Concello de Mazaricos o día 3 de xullo de 2015 polo que ten finalizado o prazo de presentación de solicitudes, polo presente **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar a seguinte lista provisional de admitidos e excluídos no meritado proceso selectivo que figura como anexo a esta resolución e darlle publicidade a través do Taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

Segundo. De conformidade coa base 8 o tribunal calificador estará composto polos seguintes membros:

1. Presidente: O interventor municipal ou funcionario en quen delegue.
2. Secretario: a da Corporación, ou funcionario en quen delegue.



Concello de Mazaricos

3. Vocais:

- O Técnico Local de emprego do Concello
- O Capataz da brigada de obras
- O Enxeñeiro Técnico Municipal

Terceiro. Convocar ós membros do tribunal e aos aspirantes admitidos para a celebración da **proba práctica de pericia no manexo do tractor-desborzadora** a que se refire a base 9ª, o día 16 de Xullo de 2015, ás 9:00 horas, na casa do Concello de Mazaricos. O desprazamento dos aspirantes ao lugar exacto de realización da proba será por conta do Concello.

O resultado da proba coa indicación dos aspirantes que acadan a calificación de apto ou non apto publicarase no taboleiro de anuncios do Concello no mesmo día.

Cuarto. Convocar ós membros do tribunal a para a reunión do mesmo, en sesión non pública, a efectos de valorar os méritos alegados e debidamente acreditados para a fase de **concurso** o día 17 de Xullo de 2015 as 10:00 horas na Casa do Concello de Mazaricos sita na Avenida 13 de Abril, 59 - A Picota.

En Mazaricos a 13 de Xullo de 2014.

O ALCALDE – PRESIDENTE

Asdo. D. Juan J. Blanco Riveiro



A SECRETARIA, que dou fe.

Dª. Ana Mª Reyes Cambre



Concello de Mazaricos

LISTA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCESO SELECTIVO DO PERSOAL INTEGRANTE DA CUADRILLA DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS.

LISTA DE ADMITIDOS

PEÓNS

ALVELA ALVELA, RAMÓN
ANTELO RODRÍGUEZ ISOLINO
ARCOS SILVA SENEN
BARREIRO PEROL SEVERINO
CASTRO MARTÍNEZ ROSA MARÍA
GONZALEZ RIOMAYOR JORGE
LAGO RIOMAYOR MANUEL

OFICIAIS

GALLARDO SANMARTIN, JESUS EDUARDO

LISTA DE ASPIRANTES EXCLUÍDOS (Por non acreditar a titulación requerida na convocatoria : certificado de escolaridade , EXB, ESO ou equivalente)

PEÓNS

NUÑEZ COSTA, MANUEL
RODRÍGUEZ CAMBEIRO, ANTONIO
DEL RIO MAYO, MANUEL

OFICIAIS

NUÑEZ COSTA MANUEL
PÉREZ RODRÍGUEZ, JOSÉ
REY FERREIRO, JESÚS
ALVITE VILLAR, CONSTANTINO